



BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 TÉCNICO/A PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS EN BATEA PARA O CULTIVO DE VOLANDEIRA, SEGUNDO RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR (AXUDAS GAC 2010).

A Consellería do Mar, en data 29 de xullo de 2010, concedeu á Confraría de Pescadores de Cangas axuda para a contratación de persoal para o proxecto denominado "CULTIVO, DESEÑO E ELABORACIÓN DA VOLANDEIRA DA RÍA DE VIGO", con cargo ás axudas para proxectos ao abeiro dos Plan estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos Grupos de Acción Costeira - Orde do 27 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009.

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 1 técnico/a para o desenvolvemento dos traballos en batea para o proxecto denominado "CULTIVO, DESEÑO E ELABORACIÓN DA VOLANDEIRA DA RÍA DE VIGO", durante o período comprendido presumiblemente entre o 1 de setembro de 2010 e o 31 de maio de 2012.

A contratación en réxime laboral de xornada completa para un período de 21 meses e coas retribucións que figuran na resolución da Consellería do Mar, e que ascenden a 1.678,74,00 euros brutos mensuais, incluídas prorratas de pagas extra e indemnización de contrato.

Efectuada a selección do traballador/a, a Confraría de Pescadores de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de obra servizo. O contrato terá un período de proba dun mes.

O sistema de selección será o de concurso de méritos e entrevista de traballo.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.-

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións mínimas:



- Ter cumpridos dezaoito anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. (Recoñecemento médico actualizado).
- Estar en posesión do título de formación básica.
- Estar en posesión do título de mariñeiro pescador con mando (que teña os días de mar preceptivos no intre de obtención do título.)
- Estar en posesión do título de formación sanitario específico inicial.
- Estar en posesión do título de operador restrinxido de GMDSS
- Estar en posesión do carné de conducir tipo B1.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes ata o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservarannos, polo menos, ata a data de formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

Os/as candidatos/as que desexen tomar parte no proceso selectivo, deberán facelo constar na solicitude (Anexo I) dirixida ao patrón maior da Confraría de Pescadores de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro de Entrada da confraría ata o día **20 de agosto de 2.010**, en horario de atención ó público (de 9:15 a 13:00 horas). Nas solicitudes indicarse a referencia: : **TÉCNICO/A PARA O DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS EN BATEA PARA O CULTIVO DE VOLANDEIRA**, ademais do nome, apelidos, domicilio a efectos de notificación e teléfono. Na referida instancia se fará constar o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, e irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia dos títulos esixidos na convocatoria (cláusula 2ª das bases)
- Documentación acreditativa dos méritos que se pretendan facer valer na fase de concurso.

Toda a documentación aportada deberá presentarse compulsada co orixinal.



Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

CUARTA.- ADMISIÓN DOS/AS ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a confraría ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro da anuncios da confraría o día **23 de agosto de 2010**.

Os aspirantes excluídos disporán ata o día **25 de agosto** para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará publico, igualmente, no taboleiro da Confraría , o día **27 de agosto de 2010**.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O tribunal que Xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por tres membros. Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

A composición do tribunal estará constituído por:

- Patrón Maior da Confraría de Cangas.
Suplente: Vicepatrón Maior 1º da Confraría de Cangas.
- Xerente – Secretario da Confraría de Cangas.
Suplente: Asistencia Técnica da Confraría de Cangas.
- Asesor Fiscal da Confraría
Suplente: Membro da Xunta Directiva do GAC 7.

SEXTA - SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección do persoal realizarase, de acordo coa cláusula sétima por un combinación de méritos alegados e unha entrevista de traballo.

A data da entrevista de traballo realizarase o día **31 de agosto de 2010, ás 17.00** horas na Sala de Xuntas da Confraría de Cangas.

SÉPTIMA - FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

O sistema de cualificación será en dúas fases:

1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 50% da cualificación total.
2. Fase de entrevista: representará o 50% da puntuación total.

O Sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

A) PRIMEIRA FASE . CONCURSO MERITOS

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

A.- EXPERIENCIA E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Exercicio da mesma categoría profesional: 0,20 puntos por mes traballado.
- Estar en posesión do título de manipulador de alimentos: 0,20 puntos.
- Estar en posesión do título de prevención de riscos laborais: 0,20 puntos.
- Estar en posesión dalgunha titulación de patrón ou mecánico de rango inferior a de Patrón Costeiro Polivalente: 0,50 puntos (máximo total). Só se puntuará no caso de non ter unha titulación de rango superior.
- Titulación de Patrón Costeiro Polivalente ou superior: 1 punto
- Calquera outro título de mergullo(agás títulos de mergullo recreativo): 0,5 puntos (máximo total). Só se puntuará no caso de non ter unha titulación de rango superior.
- Título de Mergullo Profesional: 1 punto
- Cursos relacionados coa formación marítimo/pesqueira (acuicultura, xestión dos recursos, etc...): Máximo 1,5 puntos



- Por cada curso de ata 25 horas 0,10 puntos
- Por cada curso de duración superior ás 25 horas 0,20 puntos
- Por cada curso de duración superior ás 50 horas 0,30 puntos

Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante, ou certificados de servizos prestados).

A primeira fase puntuarase ata un **máximo de 5 puntos**.

B) SEGUNDA FASE.: ENTREVISTA

Nesta fase realizarase unha entrevista de traballo relacionada coa experiencia profesional e co traballo a desenvolver no proxecto.

A data da entrevista de traballo realizarase o día **31 de agosto de 2010, ás 17.00** horas na Sala de Xuntas da Confraría de Pescadores de Cangas.

A puntuación máxima será de 5 puntos, sendo necesario obter 3 puntos para entender superada a proba.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA.-

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final. Esta será a suma da puntuacións obtidas na fase concurso de méritos e na fase da entrevista. A persoa seleccionada será a que obteña a maior puntuación resultante da suma de ambas as probas, debéndose en todo caso obter unha puntuación mínima de 5 puntos, dos que un mínimo de tres corresponderan forzosamente a segunda proba

A continuación, o tribunal fará público o resultado, abríndose un prazo de reclamacións dun día hábil, a contar a partir do día seguinte ó de publicación daquel. Transcurrido ese prazo, unha vez resoltas as posibles reclamacións, procederase á contratación da persoa.

NOVENA. PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ó público no taboleiro de anuncios da Confraría de Cangas durante o prazo sinalado para a presentación de solicitudes, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases, que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo, a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de solicitudes de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin o procedemento.



CONFRARIA DE PESCADORES

"San José"

R/ República de Cuba, 4 - 2º
Tel. 986 30 01 65 - Fax, 986 30 36 88
Telf. Lonxa: 986 30 01 73
36940 CANGAS (Pontevedra)

O taboleiro de anuncios da confraría será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA - INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á entidade convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA - NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo a Confraría de Pescadores de Cangas poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.

Cangas, 13 de agosto de 2010.

O PATRÓN MAIOR

Asdo: Evaristo Fernández Lorenzo

ANEXO I

Referencia: TÉCNICO/A (PATRÓN/A-MERGULLADOR/A) PARA BATEA DE CULTIVO DE VOLANDEIRA

6

